

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 3 DE
FEBREIRO DE 2012**

Sres. asistentes:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DONA EVA MARÍA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP)

DONA PAULA ROCA BUYO (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE)

DON RICARDO ALEJANDRO MATÍAS SÁNCHEZ OROZA (PSOE)

DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSOE)

DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSOE)

DONA MARINA VARELA LAGE (PSOE)

SRES. CONCELLEIROS AUSENTES.-

DON JOSÉ IGNACIO VILA PORTA (PP)

SR. SECRETARIA MUNICIPAL.-

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

SR. INTERVENTORA MUNICIPAL.-

DONA MARÍA IGLESIAS NUÑO

No salón de plenos da Casa do Concello de Miño ás catorce horas do día 3 de febreiro de 2012, reúnen-se as Sras. concelleiras e os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: sesión ordinaria do pleno do día 17 de decembro de 2011, da sesión extraordinaria de data 22 de decembro de 2012 e da sesión extraordinaria e urxente de data 16 de xaneiro de 2012.

Logo de se distribuír aos Sres. concelleiros e ás Sras. concelleiras da Corporación a copia dos borradores das actas dos plenos correspondentes á sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2011, a sesión extraordinaria de data 22 de decembro de 2011 e a sesión extraordinaria e urxente de data 16 de xaneiro de 2012, pregúntase aos asistentes se teñen algunha observación que formular ás referidas actas, e manifestando que non, acordan por unanimidade, con 11 votos a favor, aprobar os borradores das actas do Pleno correspondentes ás sesións dos días citados.

2.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DAS COMPETENCIAS PARA A INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS E SEGURIDADE VIARIA.

Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece:

"PROPOSTA DE ACORDO PROVISIONAL DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DAS COMPETENCIAS PARA A INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA

PROPOSTA DE ACORDO PROVISIONAL

1º.- *Delegar na Deputación Provincial da Coruña as competencias necesarias para a instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, con adhesión particular e expresa do Concello ás Bases para a prestación de*

servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria aprobadas pola Deputación Provincial na sesión plenaria do 26 de xuño de 2009.

2º.- Comunicar este acordo provisional á Deputación Provincial da Coruña, para a súa constancia e efectos.

3º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos da súa publicidade e xeral coñecemento, para que no prazo de trinta días hábiles os interesados poidan presentar as alegacións que estimen procedentes.

4º.- Elevar este acordo a definitivo, no caso de non se presentar alegacións."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditamen da Comisión Informativa de Asuntos Xerias que se celebrou o día 30 de xaneiro de 2012, na que preguntouse aos concelleiros presentes se querían intervir e manifestando que non, ditaminouse favorablemente por maioría absoluta a proposta de acordo formulada pola Alcaldía (10 votos a favor do PP e do PSOE).

A continuación na sesión plenaria de data 3 de febreiro de 2012 ábrese a rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que están de acordo en delegalo.

O pleno municipal **acorda** por maioría absoluta, con 11 votos a favor do PP e PSOE:

1º.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña as competencias necesarias para a instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, con adhesión particular e expresa do Concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria aprobadas pola Deputación Provincial na sesión plenaria do 26 de xuño de 2009.

2º.- Comunicar este acordo provisional á Deputación Provincial da Coruña, para a súa constancia e efectos.

3º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos da súa publicidade e xeral coñecemento, para que no prazo de trinta días hábiles os interesados poidan presentar as alegacións que estimen procedentes.

4º.- Elevar este acordo a definitivo, no caso de non se presentar alegacións."

3.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece:

"Aprobación inicial da Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial

Sométese ao Pleno a seguinte proposta de ACORDO

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

2º.- Someter á información pública este acordo inicial, consonte ao establecido no artigo 49 b da Lei 7/1985, polo prazo de trinta días, a contar dende o seguinte á data da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán interpoñer as reclamacións e alegacións que estimen oportunas e que serán resoltas polo Pleno.

3º.- Elevar a definitivo este acordo de aprobación inicial, no caso de non se presentar reclamacións e alegacións."

Visto que o presente punto fue obxecto do correspondente ditamen da Comisión Informativa de Asuntos Generales que se celebrou o día 30 de xaneiro de 2012, sendo ditaminado favorablemente por maioría simple, con 5 votos a favor do PP e 5 abstencións do PSOE, e cuxas intervencións se reproducen a continuación:

A secretaria municipal explica que é a ordenanza tipo facilitada pola deputación, se ben se fixeron axustes para adaptala ás peculiaridades do concello.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado pide a palabra para preguntar varias cousas. A primeira é que se suprime a regulación da zona de residentes, porque agora non hai, pero que nalgún momento pode habela, e considera que se podería deixar para nun futuro non ter que cambiar a ordenanza, facela máis flexible.

A secretaria responde que se falou co xefe da policía local e se decidiu suprimila regulación porque na actualidade non había zona de residentes.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga di que aínda que se recollera na actual ordenanza, o día que houbera zona de residentes habería que regulalo dalgunha maneira e habería que cambiar a ordenanza igual.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado comenta que o horario da zona de estacionamento limitado é distinto a todos os sitios que ela coñece, que é de 10 a 14, e aquí é de 8 a 14 horas. E que se vén alguén de fóra pode levalo a un erro porque non sabe que é ese horario.

A secretaria municipal responde que aquí se decidiu establecer dita franxa horaria e que cada concello dentro da súa potestade de organización pode facelo.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado pregunta por que non se pon a opción de post-pago.

A secretaria municipal responde que as máquinas que temos non dan esa opción.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado di que cando se compren as máquinas hai que mirar todo e ver se están homologadas. Por outra banda pregunta por que se sacou a opción de poder aparcar as persoas con mobilidade reducida na carga e descarga durante dez minutos. Porque deberíamos facilitarlle a vida aos veciños e non lla temos que complicar.

A secretaria municipal responde que estudará o tema e que contestará no próximo pleno.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que o ano pasado xa se aprobou unha ordenanza de mobilidade e pregunta por que se cambia e se quere aprobar esta.

A secretaria municipal responde que é porque esta é a ordenanza tipo da Deputación e precisase para delegar o tema da tramitación de multas. E antes de introducir cambios na ordenanza houbo que consultarlle a eles.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que el votara no seu día en contra porque considera que as multas teñen unha contía moi elevada.

O Sr. Jesús Veiga contéstalle que as contías veñen determinadas pola lei.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo contesta que algunhas si, pero as de aparcamento se poderían modificar porque son desproporcionadas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga dálle a razón en que algunhas son moi caras.

Sometida a proposta de acordo formulada pola Alcaldía ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais obtense o seguinte resultado: 5 votos a favor do PP e 5 abstencións do PSOE, polo que a proposta de acordo formulada pola Alcaldía queda ditaminada favorablemente por maioría simple, co voto de calidade do presidente.

A continuación na sesión plenaria de data 3 de febreiro de 2012 ábrese a rolda de intervencións

A secretaria municipal sinala que unha das cousas que se suprime no texto desta ordenanza, con respecto á ordenanza xeral da Deputación, era na páxina 20 o seguinte texto "nas zonas sinalizadas como de reserva para carga e descarga de mercadorías nos días e horas en que estea en vigor a reserva, agás que se trata de vehículos para persoas con mobilidade reducida debidamente identificados e polo tempo máximo de sesenta minutos". Feitas as consultas pertinentes se lle comunica que o motivo da supresión é que ao longo desta rúa hai zonas abondas reservadas para minusválidos e daquela entendíase que non había razón para que puideran aparcar ademais na zona de carga e descarga.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo quere comentar un aspecto relativo á ordenanza, no artigo 42 nas disposicións sobre carga e descarga no que se recolle que a Alcaldía poderá ditar disposicións que regulen cousas como a restrición de peso e dimensións de vehículos para determinadas vías. Pois dende o seu grupo queren pedir que a Alcaldía regule as dimensións dos vehículos de carga e descarga na rúa Real, xa que o seu pavimento sofre danos constantemente.

O Sr. alcalde responde que lle parece ben, pero que el saiba non está habendo exceso de peso nesta rúa, xa que os camións que levan produtos aos comercios desa zona son conscientes do peso que pode ter a rúa e que as roturas son feitas por particulares.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que xa se falara no Pleno de regular esa vía polo tema do tráfico, sobre todo no verán e como saben a rúa repasouse varias veces e xa que logo se o grupo de goberno o considera necesario, que regule este tema.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo engade que eles redactaron unha serie de emendas que van a expoñer a continuación:

a) Engadir na páxina 20 o seguinte texto "excepto se se trata de vehículos para persoas con mobilidade reducida debidamente identificados e polo tempo máximo de sesenta minutos".

Polo PP o Sr. Veiga Sabín di que o seu grupo vai manter a posición que tiñan na comisión informativa, sen prexuízo de que se se demandan mais prazas de minusválidos as vaian cubrindo, pero que carga e descarga ten que quedar libre.

A emenda que rexeita por maioría simple, con 6 votos en contra do PP e 5 votos a favor do PSOE.

b) Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo le a redacción que o seu grupo propón ao apartado c da disposición adicional primeira relativa ao servizo de estacionamento por limitación temporal, no punto dous "de residentes". Teñen a condicións de residentes a estes efectos as persoas físicas, excluíndose as xurídicas en todo caso, usuarias do servizo que segundo o padrón municipal de habitantes teñan o seu domicilio e que de feito residan dentro do perímetro do sector que para este réxime estableza nesta ordenanza, e sexan titulares ou condutores habituais do vehículo para o que se solicita o distintivo. Os residentes perden tal condición nos demais sectores distintos ao seu".

A secretaria municipal responde que feitas as consultas pertinentes se lle comunica que o motivo da supresión é se temos a previsión pódennos esixir a creación da zona e a expedición da correspondente tarxeta, e posto que aínda non temos a previsión de crear zona de residentes é máis procedente suprimir esa redacción.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que eles o que propoñen é deixar aberto este tema na ordenanza por se nun futuro se crea e así non ter que cambiar toda a ordenanza.

Polo PSOE a Sr. Catalina Morado pregunta quen o pode esixir?

A secretaria municipal contesta que a xente que considere que reside nun ámbito que requira da creación dunha zona de residentes.

Polo PSOE a Sr. Catalina Morado di que na ordenanza tamén se recollen semáforos e zonas peonís e como non hai ningún a xente tamén o pode esixir.

Polo PP o Sr. Veiga Sabín di que o seu grupo vai manter a posición que tiñan na comisión informativa e se nun futuro se queren crear esas prazas se fará unha reforma da ordenanza.

A emenda que rexeita por maioría simple, con 6 votos en contra do PP e 5 votos a favor do PSOE.

c) Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo le a redacción que o seu grupo propón ao punto 4 da mesma disposición adicional primeira "os residentes terán dereito á obtención dunha tarxeta que os acredite como tales con vixencia ata o 31 de decembro para o que deberán presentar a oportuna instancia no rexistro xeral"

O Sr. alcalde conclúe que eles entenden que había que regular a rúa que puramente é comercial e que tiveron a previsión: primeiro, de ter un aparcadoiro soterrado

gratuito, segundo, que o custe da praza de aparcadoiro sexa puramente testimonial e que entenden que é unha rúa, dado o seu carácter comercial, no que non cabe nin a zona verde nin o aparcamento fixo. E que no resto da vila hai aparcadoiros abondos. E non hai ningunha razón que xustifique facer zona de residentes, porque nunha rúa que é comercial deberíase estar máis interesado en ter prazas para os clientes que unha zona verde.

A emenda que rexeita por maioría simple, con 6 votos en contra do PP e 5 votos a favor do PSOE.

d) Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo le a redacción que o seu grupo propón ao punto 5 referente aos vehículos excluídos do pagamento e engaden dous apartados máis: h) os de titularidade de persoas con mobilidade reducida cando estean en posesión e exhiban a autorización expedida ao efecto e i) os residentes quedan excluídos da limitación da duración do estacionamento pero suxeitos ao pagamento da taxa establecida na ordenanza correspondente cando o estacionamento se produza no sector de residencia sinalizado polo distintivo que a tal efecto posúe."

E como ve que no tema dos residentes non están de acordo, que si se pode recoller o apartado h) de exclusión do pagamento a persoas con mobilidade reducida.

O Sr. alcalde contesta que o feito de que unha persoa teña unha mobilidade reducida non quere dicir que non poida facer fronte ao pagamento correspondente dunha taxa ou tributo, e insiste en que os vinte céntimos son puramente testimoniais e o que interesa é que a mobilidade na rúa sexa constante. Reitera que posuímos un aparcadoiro soterrado gratuito, e que non ven a necesidade desas prazas.

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo di que se trata de persoas con mobilidade reducida e sería facilitarlles o tema de aparcar.

O Sr. alcalde contesta que nestes momentos esta rúa ten moitas máis prazas para a mobilidade reducida que noutras rúas da vila, polo que non entende que haxa que regular nada adicional ao que xa está regulado.

A emenda se rexeita por maioría simple, con 6 votos en contra do PP e 5 votos a favor do PSOE.

e) Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo comenta que lle gustaría engadir un apartado b ao punto 5, "de sinalización", para engadir uns sinais verticais á zona verde. Pero xa non o propón porque se está a votar en contra da zona verde.

E no punto 8 nos apartados 1 e 2 cambiarían o horario e no lugar de ser de luns a venres de 8 a 2 que fora de 10 a 2 e pola tarde manter o mesmo horario de 4 a 8 da tarde. E os sábado de 10 a 2. E comenta que o explicaban na comisión informativa e a razón era que así estaba regulado en case todas as localidades próximas e pode orixinar confusión á xente de fóra.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga di se manteñen na mesma posición que na comisión informativa no tema do horario porque hai suficiente información.

A emenda que rexeita por maioría simple, con 6 votos en contra do PP e 5 votos a favor do PSOE.

f) Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo di que engadían un punto máis, que é o título habilitante pospagado, que consiste en que se o vehículo non sobrepasara en 30 minutos o tempo de estacionamento permitido indicado no título habilitante, o usuario poderá obter un segundo título de exceso no que constará a súa hora de expedición, este título nunca poderá superar o prazo de dúas horas no réxime xeral previsto nesta ordenanza.

O Sr. alcalde contesta que as máquinas non admiten iso e que non queren cambiar as máquinas.

A emenda que rexeita por maioría simple, con 6 votos en contra do PP e 5 votos a favor do PSOE.

O pleno municipal **acorda**, por maioría simple, con 6 votos a favor do PP e 5 votos en contra do PSOE:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, sendo o texto da mesma o que figura no expediente ao terse rexeitadas as emendas presentadas.

2º.- Someter a información pública este acordo inicial, consonte ao establecido no artigo 49 b da Lei 7/1985, polo prazo de trinta días, a contar dende o seguinte á data da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán interpoñer as reclamacións e alegacións que estimen oportunas e que serán resoltas polo Pleno.

3º.- Elevar a definitivo este acordo de aprobación inicial, no caso de non se presentar reclamacións e alegacións."

A Concelleira Dona Emma González incorporase ás 14:20 horas á sesión plenaria.

4.- APROBACIÓN INICIAL DO CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN, DE EXPROPIACIÓN A COOPERACIÓN, NO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE R-3 (PIÑEIRO)

Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a memoria elaborada na que se xustifica adecuadamente o cambio de sistema de actuación de expropiación a cooperación no sector de solo urbanizable R – 3 "O Piñeiro", e considerando que á vista da anulación da adxudicación efectuada ao concesionario do desenvolvemento urbanístico do sector o máis conveniente é substituír o sistema de expropiación, sendo o sistema de cooperación, dentro dos diversos sistemas de actuación posibles regulados na LOUGA, o máis axeitado ao non existir ningunha iniciativa de propietarios que acaden a titularidade do 50% do ámbito, necesaria para a posta en marcha do sistema de compensación (razón pola que o TSXG revogou a sentenza recaída no recurso 273/06) e por parecer conveniente que, dada a complexidade do procedemento, os conflitos entre as empresas titulares de bens e dereitos no sector, e o avanzado do estado da tramitación do desenvolvemento urbanístico do ámbito, a iniciativa do procedemento siga a ser mantida polo Concello, á vista, en suma, dos antecedentes expostos, esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o cambio de sistema de actuación, de expropiación a cooperación, no sector de solo urbanizable R – 3 "O Piñeiro", sometendo o expediente a información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante anuncio no BOP e con notificación individualizada aos propietarios.*

Segundo.- *Conceder ás persoas e entidades titulares de bens e dereitos sobre as fincas incluídas no ámbito do sector, o prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción da notificación do correspondente acordo, para que, no seu caso, manifesten a súa vontade de participar ou non no sistema de cooperación, mediante a constitución dunha asociación administrativa de propietarios, ou para que podan instar calquera outra pretensión que estimen conveniente, mesmo a recuperación dos seus terreos si o estimasen oportuno. A tal fin a notificación dirixirase aos que figurasen como propietarios ao inicio do desenvolvemento urbanístico do sector, e no suposto de que non fagan manifestación ningunha entenderase que renuncian a participar no precitado sistema."*

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditamen da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que se celebrou o día 30 de xaneiro de 2012, sendo ditaminado favorablemente por maioría simple, con 5 votos a favor do PP e 5 abstencións do PSOE, e cuxas intervencións se reproducen a continuación:

A secretaria municipal explica o contido do expediente, especificando que o acordo vai notificarse tanto aos actuais propietarios de bens e dereitos como aos que foron expropiados e aos que venderon por mutuos acordos ou en escrituras privadas de

compravenda; a toda esta xente váiselle dar a posibilidade de que participen no procedemento.

Polo PSOE o Sr. Ricardo Sánchez Oroza pregunta a que data se refire esa lista de propietarios e en que afecta o cambio de sistema para o desenvolvemento da xestión do solo.

A secretaria municipal contesta que a lista de propietarios contén a relación tanto dos actuais propietarios, mais os que foron expropiados e allearon por mutuos acordos expropiatorios e incluso aos que venderon de xeito voluntario en escritura privada porque entendemos que é no mesmo ámbito temporal. Polo que respecta o desenvolvemento da xestión do solo no sistema de cooperación o Concello executa as obras de urbanización con cargo aos propietarios do solo e fixa as cotas que lle corresponden a cada propietario.

Polo PSOE o Sr. Ricardo Sánchez Oroza pregunta se hai algún tipo de licenza xa outorgada.

A secretaria municipal contesta que non. O proxecto de urbanización está aprobado só inicialmente, pero non definitivamente, e ademais ten que estar garantida a execución do ámbito para poder dar unha licenza de obra.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta como se tramitaría o procedemento para incorporarse esa xente que xa vendeu. Tería que retornar o diñeiro, porque poida que o expropietario queira pero a empresa compradora non queira.

Polo PP o Sr. Veiga contesta que a xente se quere participar no desenvolvemento do ámbito ten que devolver os cartos, e que a adxudicataria da concesión está de acordo con dar a posibilidade aos expropiatarios de participar en dito procedemento.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se todas as empresas están de acordo, tanto a adxudicataria como as outras.

A secretaria municipal contesta que só afecta aos propietarios que lle venderon á empresa adxudicataria, que aos que venderon a outras empresas non. Está limitado á beneficiaria, que é a que ten un vínculo coa administración, porque as outras nunca tiveron un vínculo co Concello.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo matiza que entón estaría limitado unicamente ás persoas que venderon á empresa adxudicataria e que esta é a UTE. E no caso de desfacer esa operación de compravenda, quen asumiría os gastos notariais e demais, como a repercusión fiscal.

A secretaria municipal responde que é un tema que afecta a empresa e o particular. O comprador se quere participar terá que devolver os cartos e os intereses.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que non se refire só ao diñeiro do valor da finca senón aos gastos que se produciron, como notariais, de escritura e repercusión fiscal que puidera haber. O particular terá moi en conta estes gastos.

A secretaria municipal expón que estudará o tema e falará coa empresa concesionaria.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que se lle dá a posibilidade de participar no procedemento pero limitada, porque si se lles retorna o terreo pero hai os outros gastos e esa persoa xa non está en igualdade de condicións, porque xa tributou, etc.

Polo PSOE o Sr. Ricardo Sánchez Oroza pregunta que plan ten o concello para urbanizar isto, que opcións ten, porque facer todo isto sen ter un horizonte, e se o concello ten os medios técnicos suficientes para executar este proceso.

A secretaria municipal contesta que de momento o proxecto de urbanización está aprobado inicialmente e que se están a barallar tres opcións: 1) contratar externamente para que nos fagan o proxecto de reparcelación e eses custes repercutiríanse aos propietarios e que a oficina técnica o supervise; 2) se todo mundo está de acordo, o propietario que teña máis do 25% que facilite os traballos e 3) que nos asistira a Deputación. Pero primeiro hai que aprobar o cambio de sistema de

actuación e despois dentro dos medios que temos, pois escoller o que mellor se axuste.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo dubida dos medios propios dos concello e considera que hai que ter en conta este tema, porque se o concello non ten medios...pois que habería que buscalos.

A secretaria municipal contesta que o concello non ten medios para facer o proxecto reparcelatorio, que o terá que contratar a unha empresa, pero que para revisalo si que os ten. E senón que se pediría apoio á Deputación, coa que se ten un moi bo trato.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que hai que darlle apoio ao arquitecto para que poida facer este labor con certas garantías, porque as empresas teñen arquitectos, xuristas, etc. Continua sinalando que con respecto á proposta, no punto segundo, que se dá un prazo de quince días hábiles e que lle parece escaso dada a problemática deste tema, que a xente necesitará pensalo, falalo uns con outros e consúltalo, pois quince días considera que é escaso e proporia aumentar este prazo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga contéstalle que lle preguntará ao alcalde, pero non creo que haxa problema para aumentalo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que el cre que como mínimo poría un mes, sobre todo tendo en conta todo o que se dixo aquí e que non se queren ter problemas.

Polo PSOE o Sr. Faraldo pide copias do expediente, e que vai falar coa comisión de afectados e que algún dos desta comisión lle comentaron que eles propuxeran xa ao comezo este procedemento de cooperación e que foi rexeitado no seu momento. E que poden ter tamén interese.

A secretaria municipal responde que o acordo vai saír publicado, pero que esa comisión de afectados presentoulle un recurso ao concello que cre que o perdeu porque lle venderon voluntariamente ás empresas, e como consecuencia do alleamento xa non tiñan lexitimación.

Polo PSOE o Sr. Faraldo comenta que había unha serie de persoas que permutaran o terreo por pisos, e non sabe como está previsto, porque estes permutaron sobre todo con Vallehermoso.

A secretaria municipal contesta que ese é un tema no que concello non ten competencia, xa que se o día de mañá non se desenvolve o ámbito a única responsabilidade que tería o concello sería co adxudicatario.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo opina que o sistema de cooperación é o máis idóneo, pero aquí o problema é que xa está bastante avanzado o proceso e que vai pasar coa xente que fixo permutas coa empresa que non é adxudicataria, xa todo iso está enmarañado xuridicamente, e que vai pasar cos que permutaron coas empresas que non son adxudicatarias.

A secretaria responde que agora esas empresas van participar no procedemento e terá que cumprir os seus compromisos

Polo PP o Sr. Jesús Veiga di que nas permutas había unha 'coletilla de se eran gañadores do concurso...' e dende aquí os avisamos diso.

Sometida a proposta de acordo formulada pola Alcaldía ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais obtense o seguinte resultado: 5 votos a favor do PP e 5 abstencións do PSOE, polo que a proposta de acordo formulada pola Alcaldía queda ditaminada favorablemente por maioría simple, co voto de calidade do presidente.

A continuación na sesión plenaria de data 3 de febreiro de 2012 ábrese a rolda de intervencións:

Antes de comezar o debate a secretaria expón que na comisión informativa quedara pendente o tema da fiscalidade e que feitas as consultas pertinentes á beneficiaria da expropiación responde que a reversión é un dereito e que como tal non é obrigatorio o seu exercicio, e por conseguintes as persoas terán de que valorar se é mais vantaxoso dito exercicio para eles, xa que venderon libremente, e con respecto ao tema fiscal

terán que consultar en Facenda se o incremento patrimonial declarado pódese compensar nas declaracións dos exercicios seguintes.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo quere expresar varias cousas: a primeira é que na comisión xa se comentara que no punto segundo desta proposta dáse un prazo de quince días hábiles, e que eles propuñan que se ampliara a cando menos un mes e explicábanos porque había que darlle tempo á xente para asesorarse.

O Sr. alcalde di que está totalmente de acordo en ampliar o prazo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que tivo que ser a xustiza a que viñera intervir neste proceso, xa que tanto os propietarios como os grupos da oposición propuxeran que non fora o sistema de expropiación e o grupo de goberno baseouse en que a expropiación viña establecida así polo Plan xeral, non obstante agora se ve que si se pode mudar. Que tal como avanzou o proceso hai moita xente en litixios e gastaron moitos cartos, incluso o Concello os gastou en avogados e que agora a situación non é a mesma que hai uns anos, e cre que se se houbera elixido este sistema ou o de compensación daquela a cousa iría de maneira moi distinta, e que teñen que ser os tribunais os que digan que isto non foi feito da maneira axeitada. Neste momento hai que buscar unha solución, que efectivamente lles parece que o sistema de cooperación é o máis axeitado, pero que ven que aínda non está o suficientemente xustificado se se van respectar as normas que contempla o POL, se o Concello ten garantía suficiente, equipo suficiente e medios suficientes para tutelar este procedemento e comprobar que todo se axuste aos intereses xerais. O outro día na comisión non quedou o suficientemente claro e a eles o que lles gustaría sería profundizar nestes temas, que se lles dera a opinión do grupo de goberno.

O Sr. alcalde responde que el non estivo na comisión, pero que pode contestar a case todas as preguntas: con respecto ao tema dos tribunais, en un principio fixouse como sistema o de expropiación porque a propiedade estaba tan atomizada que era practicamente imposible poder articular un sistema de cooperación ou compensación naquel entón, sendo este o motivo de que así figurase no PXOM. Pero boa proba de que realmente no Concello non hai ningún interese en expropiar é que excluíron da expropiación a todos os propietarios maioritarios que demostraron posuír unha superficie de terreo importante. O fallo do Tribunal non anula o prego, polo tanto o prego en si é correcto non só para o Concello senón tamén para o propio Tribunal, nin anula o sistema expropiatorio, que polo tanto tamén é correcto, polo que nega o que o Sr. Vázquez Faraldo está opinando.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo nega ter dito iso.

O Sr. alcalde responde que o di el, porque se o prego é vixente e é válido, o que anulan os tribunais é a adxudicación, e o sistema elixido é válido se o queremos seguir. Entenden que no momento actual as circunstancias son diferentes ás que eran inicialmente porque o número de propietarios é mínimo e permite calquera outro sistema, concretamente o de compensación ou o de cooperación. Se realmente os propietarios fosen os mesmos que daquela, probablemente hoxe seguirían opinando que o sistema apropiado sería o de expropiación. Dito isto, entenden que se o prego non está anulado e o único que se anula é a adxudicación e anúlase ademais por unha única circunstancia, porque o Concello, nun claro intento de beneficiar os veciños, permitiu un aumento do prezo.

Polo PSOE a Sra. Emma González nega que sexa así e di que o alcalde mente totalmente.

O Sr. alcalde respóndelle que poderá estar equivocado e que esa é a súa opinión e rógalle que corrixa a expresión.

Polo PSOE a Sra. Emma González confirma que está moi equivocado e que ela opina o que opinaron os tribunais dende o ano 2007.

O Sr. alcalde pídelo que lle permita acabar e que logo o corrixa se el está nun erro. En principio o motivo polo que se anula a adxudicación é porque se varía o prezo da oferta e varíase porque nós permitimos que a concesionaria aumente a oferta dos terreos, que esa é a noticia que el ten dos seus xurídicos. E non vai entrar en

discusións xurídicas coa concelleira porque non é xurídico, pero o que lle din os seus xurídicos, a secretaria e o asesor xurídico, é que o prego é correcto e que o que ocorreu é que se anula a adxudicación porque nós permitimos que se subira a oferta para que os expropiados cobraran máis. Xa no tema da cooperación, este sistema permítelles a tutela do sistema e eles entenden que non teñen a capacidade de poder tutelar pola súa conta a dimensión disto pero que si poden encargarse a tutela a todos eses equipos e expertos que necesiten e que as empresas que participen no sistema de cooperación serán as que teñan que pagar os custes. Todos podemos entender que dende a nosa oficina técnica non poderemos controlar as obras, pero os diferentes gabinetes e enxeñerías que si o poden facer con total garantía. Polo que non ven ese tema tan complicado. Finalmente pregúntalle ao Sr. Vázquez Faraldo por que máis aclaración quería.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se esas direccións de obra e contratas serían por conta do Concello.

O Sr. alcalde responde que non, que sería por conta dos que van urbanizar.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se renderán contas e se vai ser o Concello o que contrate.

O Sr. alcalde contesta que evidentemente renderanse contas a quen os van pagar, que son as tres empresas, proporcionalmente segundo os metros que teñan na equidistribución. E que non van contratar sen consultar ás empresas, o razoable é que as tres empresas fagan unha proposta.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que el o que quere garantir é que sexa o Concello o que contrate.

Polo PSOE a Sra. Emma González opina que se poñan de acordo as empresas.

O Sr. alcalde di que o razoable é que fagan unha proposta.

Polo PSOE a Sra. Emma González di que hai unha cousa que deberían deixar clara, que mirou todo o proceso por riba e que entendía que non hai criterios que non permitiran a compensación ou a cooperación antes e que o permitiran agora e que isto é máis que evidente, porque ademais había o tema das titularidades de máis do 50%...

O Sr. alcalde dille que xa llo explicou e que a deixa acabar e falar, case nada!

Polo PSOE a Sra. Emma González respóndelle que se non pediría a palabra e que ela como concelleira ten dereito á palabra e se se lle nega a palabra que constaría en acta a súa protesta.

O Sr. alcalde respóndelle a ela que ten un voceiro.

Polo PSOE a Sra. Emma González pídlle ao alcalde que lle deixe falar e dálle as grazas por considerala competente agora mesmo porque hai dous ou tres anos era unha incompetente, e que é agradable escoitar algo agradable cara a ela. Aquí tiñades un problema moi grande, e que Alejandra a corraxirá, co tema das titularidades do solo, co tema das escrituras públicas e do Catastro, porque aí déronvos un pouco no cu dicíndovos que considerar como título de propiedade e titularidade un Catastro cando é un rexistro administrativo, pois home, e que o diga un Concello pois que veña Deus e o vexa. E entón aí había un problema entre as promotoras, non o digo por iso, porque se van estar as tres de acordo primeiro terán que estar de acordo de canto solo son donas cada unha e o segundo punto, por iso digo eu que iso haberá que velo e haberá que ver como se fai ese sistema de cooperación e como se desenvolve ese prego de cláusulas. En segundo lugar, e fala no nome do seu grupo, gustaríalles ver as titularidades e a documentación e poder participar neste sistema minimamente para ter un mínimo de control, porque o certo é que non viron un papel. Que terán que resolver ese tema que cre que está sen resolver. E por outro lado o cúmulo de procedementos contenciosos administrativos que hai nos xulgados porque ela xa lembra de que no 2008 dixéranlle a ela que ían desistir deses procedementos porque deixaran sen efecto a expropiación. Había un proxecto de compensación e había recursos contra ese proxecto de compensación porque había unha discusión sobre a titularidade do solo, entón que pasa con eses contenciosos?, como se van asumir eses gastos? E de entrada sendo un sistema de cooperación sendo promotor o

Concello, que lles parece ben, como se vai asumir ese custe? Inicialmente polo menos.

A secretaria municipal responde que a lei de expropiación forzosa permite acudir a calquera rexistro público que produza presunción de titularidade, e dentro dos mesmos está o Catastro, se ben o mesmo, todos sabemos, que adoce de importantes defectos. Agora ao cambiar de sistema cada unha das parcelas ten que ir amparada por un título de propiedade porque senón a rexistradora non o inscribe. Ese vai ser un traballo de depuración importante.

Polo PSOE a Sra. Emma González di que unha cousa é que o permita, e outra cousa é que o Concello considere título algo de Catastro, iso é unha barbaridade xurídica. Que aquí en Galicia a grande maioría dos predios non están inscritos no Rexistro. Pero unha escritura pública é unha escritura pública. E a escritura pública prevalece sobre Catastro.

O Sr. alcalde conclúe que lle parece que esta discusión é baleira, e que o permite a lei, aínda que a concelleira pode opinar que é unha estupidez; é distinto o que dixo o Tribunal en Primeira Instancia que en Segunda Instancia e esta última deulle a razón ao Concello, polo tanto non é totalmente certo o que estaba a dicir ao comezo. Con respecto ao tema dos litixios e da propiedade xa teñen o documento de equidistribución acordado entre as tres empresas.

Polo PSOE a Sra. Emma González pregunta polos desistimentos.

O Sr. alcalde responde que ata que se aprobe o cambio de sistema pois non é lóxico que desistiran. Aprobarase o cambio de sistema e en boa lóxica eles desistirán dos outros recursos que ían encadeados co procedemento de expropiación.

Polo PSOE a Sra. Emma González pregunta se se falou coas empresas.

O Sr. alcalde responde que si se falou. E que non só é o lóxico senón que é o coherente por parte das empresas; porque unha empresa que presenta un recurso contra o plan parcial e se o gaña terá problemas...

Polo PSOE a Sra. Emma González di que niso do plan parcial si que ten razón, pero no resto non.

O Sr. alcalde di que todos os recursos van encamiñados a un procedemento de expropiación, pero cando se faga o cambio do sistema a un de cooperación o que vai pasar, como é lóxico, é que van desistir. Pero é que ademais o POL non afecta a Piñeiro mentres o plan parcial estea vixente e se algunha das empresas continúa con algún recurso e o gañan evidentemente o plan parcial está anulado. Non é lóxico pensar que estas tres empresas poidan ir a un tribunal reclamar algo que poida danar os seus intereses.

A secretaria municipal informa de que temos unha moratoria de tres anos e que quedan dous para que o POL entre en vigor.

Polo PSOE o Sr. Alejandro Sánchez puntualiza que o interese actual das empresas en relación con isto é conxelar o solo, porque ningunha vai poñer neste momento alí un duro polas condicións de mercado hoxe e en Miño.

O Sr. alcalde dille que esa non é a noticia que el ten, en principio o interese das tres empresas é en primeiro lugar ter un solo finalista, o que é razoable; segundo, dende o punto de vista do procedemento de cooperación é o Concello o que ten a facilidade e a facultade de poder iniciar o procedemento e a nós interésanos polo ben do municipio, ao mellor non desenvolveo todo pero si comezar a urbanizar. Porque se pode ir ao ritmo que queiramos, porque o ritmo podémolo marcar e pactar; nós canto antes comecemos este procedemento antes temos o 10% do aproveitamento e evidentemente nós non imos esperar e eternizar este 10% do aproveitamento que é algo que nos pertence a nós. Nós non podemos deixar de facelo porque lle interese ás empresas e nos prexudique a nós, e a nós interésanos comezar. Outra cousa é dispoñer no mercado da totalidade das vivendas das que dispón o plan, se pensáramos iso estaríamos tolos, pero urbanizar e facer as vivendas a un ritmo que permita que o mercado vaia absorbéndooas, pois non vexo ningunha razón para que non se faga así.

Polo PSOE o Sr. Ricardo Sánchez di que a estas altura do procedemento, que xa hai tempo que se aprobou o plan, e un instrumento de escala territorial como é o POL a ese lugar definiuno dunha maneira determinada. Polo que me parece unha oportunidade perdida por parte do Concello non intentar que o plan parcial aprobado se adecúe ao POL.

O Sr. alcalde respóndelle que iso é unha tolemia.

Polo PSOE o Sr. Ricardo Sánchez opina que non, e que a tolemia é seguir coa política do ladrillazo, como se vén facendo.

O Sr. alcalde di que hai cousas que son opinións, pero outras que son certezas. Aquí se pode opinar e que o Sr. Ricardo Sánchez fala despectivamente do ladrillazo e que el opina e di que o día que desapareza a crise deste país vai ser grazas ao sector da construción, tanto pública como privada. Pero o que son certezas é que se o plan parcial se invalida ou se se adapta ao POL, probablemente aí non se poida desenvolver. Porque a edificabilidade vai diminuír e non permitirá a urbanización cando menos como está definida no plan.

Polo PSOE o Sr. Ricardo Sánchez di que cre que Piñeiro é unha das últimas oportunidades urbanísticas que lle queda a Miño.

O Sr. alcalde di que non é opinable, senón que é unha certeza que ter o plan parcial aprobado é o que lle dá consistencia ao tema de Piñeiro.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que na comisión informativa tamén se insistiu no tema das permutas, porque houbo xente que permutou con algunha das empresas o predio por un piso. E o que dixeron na comisión o presidente en funcións e a secretaria é que parece que agora con este procedemento pode haber máis garantía para que esas persoas que permutaron vexan resarcidos os seus dereitos.

O Sr. alcalde contesta que descoñece exactamente como son esas permutas porque tentou falar con algún dos que permutaron e ninguén lle ensinou o contrato, nin os propietarios nin Vallehermoso, que é o autor das permutas. Que descoñece se Vallehermoso vai manter eses contratos, xa que dalgún xeito as circunstancias cambiaron por razón da propia crise inmobiliaria. Insiste en que a posibilidade de tutelar o sistema fai que nós esteamos nunha posición favorable para negociar con Vallehermoso.

Polo PSOE a Sra. Emma González pregunta se tamén está Fadesa e contéstaselle que non.

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo afirma que Fadesa aparece no listado de propietarios de terreos.

O Sr. alcalde responde que Fadesa vendeu todos os terreos, sen permuta posible. Está Vallehermoso, Areal, a UTE e un particular que ten bastantes metros. E que está aberto a discutir coas tres empresas e que o podemos facer grazas ao sistema de cooperación que nos permite tutelar o sistema. Pero descoñece se Vallehermoso vai manter esa posición favorable nestes momentos coa crise.

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo insiste neste tema porque a xente que permutou saíu moi prexudicada porque permutou e non obtivo nada e a empresa que o adquiriu si saíu beneficiada porque ten agora o terreo e pode desenvolver o ámbito por cooperación e obter uns beneficios.

O Sr. alcalde di que cre que Vallehermoso non ten problema en devolver os títulos de propiedade aos propietarios, pero outra cousa é que os propietarios queiran, porque pensa que probablemente non. E que non ten ningún problema en reunirse co novo responsable de zona de Vallehermoso, que o alcalde xa lle formulou algo similar a iso e díxolle que en principio non tiñan ningún impedimento en poder devolver os títulos de propiedade a aquelas persoas que permutaron.

Polo PSOE a Sra. Emma González pregunta se se falou con Areal.

O Sr. alcalde responde que Areal non ten practicamente ningunha permuta, que os que tiñan permutas eran os de Lugo e están dispostos a devolvelo. E Vallehermoso non cre que teña problema e que se presta a falar con eles.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo insiste no tema e agradécelle que o faga, porque o que non pode ser é que a empresa gañe diñeiro e os propietarios non.

O Sr. alcalde di que a verdade obxectiva é que os que saíron perdendo foron as empresas. E os propietarios que teñen a permuta, de momento non perderon nada.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que agora non teñen o terreo.

O Sr. alcalde di que os que permutaron o único que perderon foi a oportunidade de vendelo no seu día e que hoxe o piso polo que permutan vale menos que daquela, se é que o obteñen, e que el cre que si o van obter.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que os propietarios teñen que obter a compensación á entrega do terreo.

O Sr. alcalde contesta que obterán a compensación que estea asinada no contrato. El pode falar con calquera pero o que non pode facer e obrigarlle a unha empresa a non recoñecer o que está no propio contrato, porque neste estará disposto calquera tipo de compensación á que dea lugar se non se desenvolve calquera cousa. Que se dea unha compensación a maiores que non estea no contrato é imposible.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo dille que el non pide iso, que o que pide é que se cumpra o contrato.

O Sr. alcalde contesta que se non se cumpre un contrato a persoa prexudicada pode reclamar.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga aclara que hai xente que fixo a permuta pero non só polo piso, que a mesma persoa ao mellor ten que achegar diñeiro. E que iso que o teñen que falar entre eles.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que o Concello o que ten que velar é que iso se cumpra. E que os propietarios xa recorreron á xustiza. E que hai que resolver este tema.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga di que dende o Concello xa se lle dixo que non venderan e que incluso o alcalde o dixera nun pleno.

O Sr. alcalde quere deixar claro que a persoa que vende porque lle interesa é cousa súa, e que se sae perdendo ou gañando tamén. Pero o tempo o que demostrou é que os que perderon son os que non venderon pero puido ter sido ao revés, se o valor do solo aumentara. O risco vai implícito no contrato. Que se presta a falar con Vallehermoso sen problema ningún e que ten a certeza de que non terá ningún problema en devolver os títulos aos propietarios.

A secretaria aclara que non temos potestades para intervir neses temas.

Todos din que xa o saben.

O Sr. alcalde responde que sabe que non temos potestades para decidir, pero si para falar e negociar.

Polo PSOE a Sra. Emma González di que potestade non, pero si vontade.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que só pide a vontade do grupo de goberno para tentar resolver este tema.

O Sr. alcalde conclúe que non ten problema de reunirse.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que en relación coa comisión de propietarios que se organizara no seu día, que xa daquela pediran este sistema, o sistema de compensación-cooperación, e que daquela fora rexeitado. Agora ábrese a posibilidade de que aqueles propietarios que venderon dalgunha maneira poden desfacer a operación e participar no sistema de cooperación, o máis probable é que haxa poucos pero pode darse o caso de que a algún lle interese e só o poden facer aqueles que venderon á empresa adxudicataria.

O Sr. alcalde di que non hai problema de falar coas empresas para que calquera propietario que queira recuperar o seu terreo e devolver o diñeiro así o faga, e que está convencido de que se así o queren si o teñen, porque basicamente o que se pagou polo solo daquela excede con moito o que vale hoxe.

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo di que non se aclararon suficientemente as súas dúbidas, polo que van votar en contra.

O pleno municipal **acorda** por maioría simple, con 6 votos a favos do PP e 6 votos en contra do PSOE, co voto de calidade do Alcalde- Presidente:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o cambio de sistema de actuación, de expropiación a cooperación, no sector de solo urbanizable R – 3 “O Piñeiro”, sometendo o expediente a información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante anuncio no BOP e con notificación individualizada aos propietarios.

Segundo.- Conceder ás persoas e entidades titulares de bens e dereitos sobre as fincas incluídas no ámbito do sector, o prazo dun mes, a contar dende o seguinte á recepción da notificación do correspondente acordo, para que, no seu caso, manifesten a súa vontade de participar ou non no sistema de cooperación, mediante a constitución dunha asociación administrativa de propietarios, ou para que podan instar calquera outra pretensión que estimen conveniente, mesmo a recuperación dos seus terreos si o estimasen oportuno. A tal fin a notificación dirixirase aos que figurasen como propietarios ao inicio do desenvolvemento urbanístico do sector, e no suposto de que non fagan manifestación ningunha entenderase que renuncian a participar no precitado sistema."

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás quince horas, de todo o cal como secretaria dou fe.

O alcalde - presidente

A secretaria municipal

Asdo. Juan A. Maceiras Barros

Asdo. Alejandra Rodríguez Menéndez

